


Idade e comportamentos (socio)lingüísticos na Galicia actual


*III Xornadas sobre Lingua e Usos
Universidade da Coruña*

*Anxo M. Lorenzo Suárez
Universidade de Vigo*

A Coruña, 8 de novembro de 2006




Índice



- A idade como unha variable sociolingüística en Galicia
- A idade na configuración dos comportamentos sociolingüísticos en Galicia
 - Perspectiva xeral
 - Lingua inicial e transmisión lingüística primaria
 - Lingua habitual e usos lingüísticos
 - Competencia lingüística
 - Escolarización e usos lingüísticos
 - Actitudes lingüísticas
 - A idade nos procesos de substitución, mantemento e recuperación da lingua galega
- A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto
- Remate

1. A idade como unha variable sociolingüística en Galicia




- A idade é un indicador valioso para observar a situación e mais a evolución de moitos aspectos sociolingüísticos: a evolución da situación de contacto, a vitalidade de certos trazos lingüísticos, e evolución na competencia lingüística, etc.
 - *Grupo de idade*: divisións cronolóxicas
 - *Xeración*: categorización social, baseada nos grupos de idade, que se caracteriza por construír unha visión particular e distintiva da sociedade
- A idade pode ser indicativa a dous niveis:
 - Sinala diferencias xeracionais estables
 - Reflicte cambios en marcha

1. A idade como unha variable sociolingüística en Galicia




- A relevancia da idade no caso da Galicia actual é incontestable. Estamos ante unha variable clave en múltiples aspectos do comportamento lingüístico e sociolingüístico dos galegos e galegas.
 - É nestes momentos a variable social máis decisiva, xunto ao hábitat, para describir e explicar diferentes condutas vinculadas coa lingua galega.
 - O porqué desta relevancia hai que buscala na especial configuración socio-cultural da Galicia contemporánea, e da súa evolución recente en termos culturais, sociais, políticos e tamén sociolingüísticos.
 - Nos últimos trinta anos, desde 1970 aproximadamente ata a actualidade, seguen en marcha ou comezan procesos e situacións que van supor unha nova dimensión para a evolución do contacto de linguas galego-castelán e para a vitalidade sociolingüística do galego. Imos concretar algúns deses factores económicos, sociais, culturais, políticos e sociolingüísticos.

1. A idade como unha variable sociolingüística en Galicia



- Cambios socio-económicos:
 - A aceleración da urbanización e da industrialización de Galicia na segunda parte do séc. XX supuxo un auténtico *cambio cultural*.
 - Estamos ante un cambio de estilo de vida: o modo de vida tradicional deu paso a un modo novo, máis urbano, menos familiar, máis consumista e integrado en redes de comunicación fóra da comunidade local.

1. A idade como unha variable sociolingüística en Galicia



- Cambios socio-demográficos:
 - Estancamento demográfico: crecemento vexetativo negativo.
 - Baixas taxas de inmigración.
 - Aumento da alfabetización dos adultos e xeneralización da escolarización.

1. A idade como unha variable sociolingüística en Galicia




- Cambios políticos:
 - Proceso de descentralización política e administrativa do Estado. Instauración do Estado das autonomías e do poder local.
 - Escasa lexitimade social inicial da autonomía e das súas institucións: 71,4% de abstención no referendo do EA en 1981.
 - Consolidación autonómica nos anos noventa.
 - A comunidade autónoma convértese nun referente de poder en Galicia.
 - Evolución do sistema de partidos:
 - Goberno continuo da dereita na Xunta de Galicia (agás un breve período 1988-1989 de goberno 'tripartito') desde 1981 ata 2005.
 - Goberno socialista-nacionalista desde 2005.
 - O nacionalismo galego medra e constitúese en goberno ou en alternativa de goberno.

1. A idade como unha variable sociolingüística en Galicia



- Cambios sociolingüísticos:
 - Continúa o lento proceso de substitución social do galego polo castelán, que principiara no século XIX.
 - A substitución lingüística acelérase nos anos sesenta e setenta, coincidindo coa aceleración dos cambio socioeconómicos en España e cos máis de trinta anos de invisibilidade pública do galego debido á represión do franquismo.
 - Irrupción dos medios de comunicación audiovisuais en castelán, con éxito de audiencia.
 - Universalización do ensino, incluído o infantil (garderías e escolas infantís), con consecuencias graves na transmisión e na aprendizaxe da lingua inicial.
 - Segue en marcha unha xeira de reivindicación da súa revitalización, proceso que tamén comezara no século XIX. No último terzo do século XX intensifícase ese proceso social e comeza unha nova dinámica institucional de recoñecemento, apoio e fomento da lingua galega.
 - Esa dinámica nova, que comeza co Estatuto de Autonomía de 1981, é ben recente e vai ter unha incidencia moi directa nas xeracións máis novas que se socializan a partir das dúas últimas décadas do século pasado.
 - Proceso contemporáneo de estandardización do galego.

1. A idade como unha variable sociolingüística en Galicia




- Cadro da análise:
 - Contacto de linguas galego-castelán en Galicia:
 - A idade nos:
 - Comportamento **sociolingüísticos**: dinámicas de substitución, mantemento e recuperación lingüísticas.
 - Comportamentos **lingüísticos**: variación e cambio lingüísticos.

2. A idade na configuración dos comportamentos sociolingüísticos en Galicia



- A idade vainos permitir analizar un amplo mosaico de aspectos sociolingüísticos. Examinaremos eses temas por separado, utilizando información cualitativa e cuantitativa.
- Neste último tipo de información, centrarémonos principalmente nos datos do MSG-1992 e do IGE-2003, por seren dúas mostraxes significativas perfectamente comparables e que nos permiten ofrecer tendencias e hipóteses sobre a evolución dos principais indicadores.
- Outras fontes cuantitativas: Censo-1991 e Censo-1996 (do IGE).

2. A idade na configuración dos comportamentos sociolingüísticos en Galicia



- *Enquisa de Condicións de Vida das Familias Galegas (2003):*
 - Instituto Galego de Estatística:
 - www.ige.xunta.es
 - Consello da Cultura Galega: *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003):*
 - www.consellodacultura.org/mediateca/



2. A idade na configuración dos comportamentos sociolingüísticos en Galicia



- Índice desta sección:
 1. Perspectiva xeral
 2. Lingua inicial e transmisión lingüística primaria
 3. Lingua habitual e usos lingüísticos
 4. Competencia lingüística
 5. Escolarización e usos lingüísticos
 6. Actitudes lingüísticas
 7. A idade nos procesos de substitución, mantemento e recuperación da lingua galega

2. A idade na configuración dos comportamentos sociolingüísticos en Galicia




- Na análise da situación sociolingüística actual do contacto de linguas en Galicia e da vitalidade social do galego hai **dous** aspectos que se destacan cando se trata de detectar os problemas fundamentais polos que transita o galego: **as diferenzas de hábitat e de idade**.
- Nos dous casos tende a formularse, ademais, unha construción discursiva moi semellante, baseada nunha formulación dicotómica simple:
 - o galego non se fala nas cidades nin entre a xente moza;
 - manteñen o galego os vellos e os individuos do rural.
- No noso caso, tentaremos establecer tendencias e procesos que vaian máis alá destas simplificacións.



2.1. Perspectiva xeral


- No diagnóstico do PXNLG, aparecen cinco referencias concretas a cuestións vinculadas coa idade, todas elas consideradas como ‘puntos febles’ do diagnóstico.
 - a) Como *realidades constantes*:
 - Os individuos novos falan menos galego cós dos outros grupos de idade.
 - A ‘xente nova’ ten o galego como segunda lingua, sen vencellos emocionais con ela, considéranla pouco útil, e carecen de motivación para falala.
 - Os maiores, que son os transmisores ‘afectivos’ do galego, representan un modelo pouco válido nunha sociedade que tende a privilexiar a cultura xuvenil.
 - b) Como *innovacións consolidadas*:
 - A desgaleguización dos banzos iniciais do ensino (garderías e escolas infantís) fai que as xeracións máis novas non reciban o galego.
 - Os medios audiovisuais (CRTVG) non dan chegado á audiencia xuvenil e urbana.

2.2. Lingua inicial e transmisión lingüística primaria



- Lingua inicial: primeira variedade adquirida, normalmente no contexto familiar.
 - A lingua inicial establécese nese momento da biografía persoal de cada falante en que se realiza a socialización primaria: antes de ir á escola e no seo da familia (polo menos isto era así ata agora).
 - Cada grupo de idade foi socializado en momentos históricos diferentes e de acordo co universo normativo e valorativo predominante nese momento.
- Importancia de que unha lingua se transmita de xeración a xeración para que esta non se perda.
- Son posibles as aprendizaxes posteriores (como L2), pero débese garantir e propiciar unha transmisión familiar (como L1).

2.2. Lingua inicial e transmisión lingüística primaria




Lingua inicial en Galicia (comparación 1992-2003):

- Máis do 50% da poboación ten o galego como lingua inicial.
- Redución de case o 10% en once anos.
- Aumentan os individuos que se declaran bilingües iniciais.


2.2. Lingua inicial e transmisión lingüística primaria



- Lingua inicial por idade (IGE-2003)




2.2. Lingua inicial e transmisión lingüística primaria



- Observacións:
 - Os resultados que temos:
 - O galego cada vez se transmite menos, aínda que o ritmo de diminución se ralentiza.
 - Cada vez é menor o número de mozos/as que recibiron o galego como lingua inicial, polo que diminúen os seus lazos afectivos con esta lingua.
 - É preciso reflexionar sobre a importancia hoxe de transmitir o galego na casa. Antes, a ambientalidade galegófona facía da transmisión do galego algo importante pero secundario: quen non tiña o galego como primeira variedade, acababa aprendéndoo porque tiña un alto uso social. Hoxe, ao avanzar o proceso de abandono da lingua, esa ambientalidade galegófona desapareceu e de aí a relevancia de que se garanta o traspaso xeracional.
 - Pódese esperar outro resultado da transmisión lingüística primaria tendo en conta a complexidade deste proceso e tendo presente que os esforzos normalizadores desde a sociedade e as políticas lingüísticas públicas desatenderon o uso e a reprodución familiar?

2.2. Lingua habitual e usos lingüísticos




- Usos lingüísticos:
 - Concepto de **lingua habitual**: aquela variedade que os individuos diariamente
 - Valores: *só castelán, máis castelán ca galego, máis galego ca castelán, só galego.*
 - Os usos lingüísticos específicos: ademais de termos unha lingua habitual, os individuos variamos a nosa conduta lingüística segundo con quen falamos (interlocutor), onde falamos (escenario), de que falamos (tema), etc.

2.2. Lingua habitual e usos lingüísticos



- Lingua habitual en tres xeracións en Galicia (MSG-1992)




2.2. Lingua habitual e usos lingüísticos




Lingua habitual en Galicia (comparación 1992-2003):

- Aumento do monolingüismo en castelán (8%) e en galego (6%).
- Descenso do bilingüismo (13% menos).




2.2. Lingua habitual e usos lingüísticos



Lingua habitual por idade en Galicia (comparación 1992-2003):


- Continúa a diminución do galego como lingua habitual conforme diminúe a idade dos falantes
- Estabilización na perda interxeracional de falantes.



2.2. Lingua habitual e usos lingüísticos




Lingua habitual segundo a idade (IGE, 2003)




2.2. Lingua habitual e usos lingüísticos



Usos lingüísticos específicos por idades (IGE-2003)



2.2. Lingua habitual e usos lingüísticos




- Observacións:
 - O abandono do uso social do galego parece deterse nas novas xeracións.
 - É factible un cambio de tendencia?
 - A mocidade non é homoxénea no seu comportamento sociolingüístico:
 - mocidade rural vs. urbana.
 - Importancia da xeración ‘adulta’ (35-65 anos).




2.3. Competencia lingüística

- Dominio efectivo da lingua galega segundo a idade (MSG-1982)





2.3. Competencia lingüística




As catro destrezas (1992-2003):

- Aumento moi importante da capacidade para *ler e escribir* en galego.
- Aumenta a capacidade para *falar*.



2.3. Competencia lingüística


Coñecemento do galego segundo tramos de idade (IGE, 2003)





2.3. Competencia lingüística

Medias da proba de expresión escrita en galego e castelán
(Loredo, Fernández Salgado & Suárez, 2005: 117)






2.3. Competencia lingüística

- Conclusións:
 - A competencia en galego por parte da mocidade, especialmente nas destrezas lectoras e escritas, aumentou considerablemente grazas principalmente á presenza da lingua no sistema educativo.
 - Porén, non está totalmente xeneralizada a competencia escrita e lectora entre a mocidade.
 - Con respecto á capacidade para falar en galego, algúns rapaces castelanófonos presenta eivas importantes: falta de fluidez, inseguridade lingüística, etc.
 - Hai mozos/as que afirman saber escribir en galego mellor ca falalo.
 - Moitos rapaces e rapazas castelanfalantes non dispoñen de contextos de uso nos que poidan interactuar con galegofalantes, o que supón un obstáculo máis para a consolidación ou a simple mellora da súa competencia oral activa.
 - Aínda que en moitos casos a falta de competencia acaba converténdose simplemente nunha estratexia de autoxustificación para non esforzarse en falar galego.
 - A carencia de modelos lingüísticos de referencia, que sirvan para mellorar a competencia en galego e para estimular o seu uso, é unha eiva relevante.

2.4. Escolarización e usos lingüísticos




Porcentaxes de individuos que recibiron ensino regrado de galego. Resultados por idades (IGE-2003)



2.4. Escolarización e usos lingüísticos




Comparación entre a lingua das clases e a lingua dos exames. Resultados con medias (IGE-2003)



2.4. Escolarización e usos lingüísticos




En que lingua falas/bas cos...? Resultados con medias (comparación 1992-2003)




2.4. Escolarización e usos lingüísticos



Usos lingüísticos na escola (IGE-2003)






2.5. Actitudes lingüísticas

- **Actitudes lingüísticas:** estados mentais e neurolóxicos, non observables directamente, que activan a avaliación dun obxecto –de calquera outro tipo– e estimulan a acción cara ao mesmo.
- Importancia das actitudes para a modificación dos comportamentos lingüísticos.
- Hai dous tipos principais de actitudes:
 - Explícitas: as que son públicas (recollidas con enquisas, cuestionarios, etc.)
 - Implícitas: as que non son públicas (recollidas con técnicas experimentais e cualitativas: entrevistas en profundidade, grupos de discusión, etc.)



2.5. Actitudes lingüísticas


- Medias de actitude lingüística xeral segundo a lingua habitual e a idade (MSG-1992)





2.5. Actitudes lingüísticas

- Os traballos cuantitativos mostran que as **actitudes explícitas** son positivas cara á lingua galega e cara aos seus usos sociais.
 - Son tamén moi positivas as actitudes ante o proceso de ‘normalización lingüística’.
- Algúns traballos experimentais mostran que:
 - Aínda persisten algunhas actitudes negativas cara á lingua e cara aos seus falantes.
 - Agroman novos ‘prexuízos’ e novas actitudes negativas:
 - O ‘descoñecemento’ do galego.
 - A ‘imposición’ do galego.




2.5. Actitudes lingüísticas

- As principais conclusións do traballo do SSRAG (2003) é que a mocidade mantén algúns dos prexuizos tradicionais vinculados co ‘acento’ galego.
- As persoas que se expresan con acento galego percíbense con referentes negativos de status (= pouco éxito social), mentres que aqueles que se expresan nunha fonética similar ao castelán son considerados un grupo innovador e socialmente competente, aínda que espertan pouca empatía social.



2.5. Actitudes lingüísticas


- Outros aspectos avaliativos:
 - Con respecto á valoración dos galego-falantes, aparecen dous estereotipos:
 - a) o estereotipo do 'pailán': o dos falantes nativos con acento popular.
 - b) o estereotipo do nacionalista: os falantes de galego normativo e urbanos.
 - A utilidade percibida no galego é escasa. O uso da lingua asóciase con profesións de pouco prestixio e máis ocasionalmente se asocia coas esferas da docencia (os 'profes' de galego) e da administración.
 - O cambio galego > castelán explícase (e acéptase) polas inercias sociais e recibe unha certa indulxencia na avaliación realizada. Pola contra, os usuarios que efectúan o cambio castelán > galego reciben valoracións moi severas: grupo 'politizado', 'impermeable', 'intolerante', 'intransixente'.
 - Non atopamos valoracións uniformes entre a mocidade respecto da norma de referencia da lingua:
 - O galego tradicional recibe avaliacións moi negativas por mor do seu escaso prestixio percibido.
 - O galego normativo concita novos prexuízos que o relacionan cunha determinada orientación ideolóxica e unha determinada filiación sociolingüística (ser un neofalante).
 - En resumo, o grupo sociolingüístico tradicional (que transmite e usa a lingua) e o grupo social innovador (exemplo de cambio castelán > galego) son caracterizados moi negativamente.



2.5. Actitudes lingüísticas


- Outros aspectos avaliativos:
 - Está bastante estendido o que denominamos como *discurso do descoñecemento da lingua*: entre os castelán-falantes, principalmente urbanos, este discurso utilízase como escusa para non usar a lingua galega.
 - Este discurso atopa a súa base principal na inexistencia de interaccións en que estea presente o galego, de maneira que as poucas oportunidades de uso inciden na infravaloración da competencia oral individual.
 - Hai un discurso maioritario favorable á aprendizaxe das distintas linguas (o que damos en denominar o *discurso do plurilingüismo*), no que se valoran explicitamente os aspectos positivos da adquisición de competencias lingüísticas.
 - As actitudes abertamente negativas ante a presenza elevada do galego no ensino son marxinais (se cadra non é politicamente correcto).
 - Con respecto á mocidade urbana, estes opinan que a escola debe desempeñar un papel máis destacado na normalización da lingua.

3. A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto




- É relevante o factor da idade en dous aspectos:
 - na presentación de fenómenos de **variación lingüística** (principalmente na variación diacrónica e na variación social)
 - e na presentación de fenómenos **inducidos polo contacto** co castelán (interferencia lingüística).
- Os dous podemos encadralos nos fenómenos de variación que detectamos no galego actual tanto no nivel das **variantes/formas** coma de **variedades**.

3. A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto




- Fontes directamente responsables da formulación dos fenómenos lingüísticos no galego actual, podemos concretar tres fontes básicas:
 - a) a dinámica propia da **variación lingüística interna** no galego, tanto a nivel da variación formal coma funcional;
 - b) a presión continuada da **situación de contacto** co castelán;
 - c) o proceso de **estandardización** lingüística contemporánea da lingua galega.

3. A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto




- Variación diacrónica:
 - As linguas varían en función do tempo.
 - Os diferentes grupos de idade poden reflectir os modelos de linguas de momentos históricos distintos.
- Variación social:
 - A idade é unha das fontes de variación social (xunto co sexo/xénero, hábitat, etc.).
 - Diferenzas lingüísticas xeracionais estables.
 - Fenómenos lingüísticos de cambio en marcha.

3. A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto




- Os diferentes grupos de idade poden presentar un tipo de variedades e de variantes diferenciados, que constitúen o que podemos denominar como **repertorio lingüístico interxeracional**.
 - Por exemplo, a aparición dos argots e das xirias; novas variedades urbanas vs. variedades tradicionais da lingua, ou variedades sociolectais, vinculadas cos determinadas variables da variación social, etc.

3. A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto




- Imos examinar dous aspectos nos cales a idade é unha variable omnipresente :
 - a configuración dos novos lectos sociais (sociolecto audiovisual).
 - o ‘galego urbano’.

3. A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto




- O ‘galego audiovisual’ podemos definilo como un sociolecto profesional que se foi desenvolvendo desde os anos oitenta (principalmente coa aparición da CRTVG).
- Asóciase con individuos novos (homes e mulleres), de biografía lingüística castelanófono e que producen un galego oral moi diferente do galego tradicional e moi achegado ao castelán.
- Algunhas características:
 - Modelo lingüístico e estilístico orixinado no castelán.
 - Interpretación moi literal da variedade estándar escrita do galego.
 - Profusión de cultismos e de neoloxismos; depuración léxica.
 - Falta de fluidez oral e de modelos estilísticos propios, construídos desde o galego.

3. A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto




- Valoracións sobre esta variedade lingüística:
 - Modelo lingüístico de escasa **autenticidade** lingüística.
 - Porén, os falantes, en xeral, tenden a adxudicarlle ao galego audiovisual **valores positivos** (referentes de status social).

3. A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto




- Referencia aos neofalantes no DAFO incluído no diagnóstico do PXNLG:
 - Os neofalantes deturpan o galego xa que son maioría nos medios de comunicación, no ensino e na administración.
 - Os neofalantes empobrecen o galego porque menosprezan o galego tradicional/enxebre e porque buscan “a orixinalidade artificial nunha ortografía escurecedora”.
 - O galego da CRTVG é de mala calidade pola acción dos neofalantes.

3. A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto




- O ‘galego urbano’: constátase a existencia de diversos tipos de variedades lingüísticas diverxentes respecto das consideradas populares ou tradicionais.

3. A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto




- Variedades urbanas: algunhas características do perfil dos falantes:
 - Variedades desenvolvidas nos contornos urbanos.
 - Grupos de menor idade e que tiveron unha exposición reducida ao galego na familia e na comunidade, ou que tiveron unha historia lingüística familiar sen apenas presenza do galego.
 - Coñecemento do galego estándar (escola, medios de comunicación).
 - Achegamento ou adopción da lingua galega na adolescencia.
 - Actitudes neutrais ou positivas ante a lingua e ante os referentes que evoca.

3. A idade como indicador nas consecuencias lingüísticas do contacto




- Motivos para a diverxencia entre as variedades populares e as urbanas:
 - Diferente cantidade de información dialectal interiorizada durante o proceso de adquisición do galego, polo grao de influencia dos modelos de lingua estándar, e polo papel conferido ó castelán como fonte de innovacións
 - Falta de valoración e de referentes positivos nas falas tradicionais e, como consecuencia desa infravaloración, búscase un modelo de lingua cunha fasquía diferente das variedades orais tradicionais.



Remate

- Podemos formular algunhas conclusións, en forma de hipóteses de traballo.
 - A idade é unha variable sociolingüística de alto rendemento para analizar as condutas lingüísticas en Galicia debido á intensidade e profundidade dos cambios socio-culturais e socio-económicos e políticos dos últimos 30 anos.
 - Fóronse construindo diferentes estereotipos que vinculan a idade e mais a lingua galega, sen que a maioría deles teñan unha base empírica sólida.

Remate



- Por unha banda, constrúese unha imaxe social negativa das xeracións máis novas (a mocidade) tanto no plano sociolingüístico (non falan galego) coma no estritamente lingüístico (fálano mal);
- Por outra banda, constrúese unha imaxe social ambivalente das xeracións maiores:
 - nuns casos preséntase en termos positivos (autenticidade, inxenuidade; falan o galego real, de verdade) e noutros casos a construción é claramente negativa (moitos castelanismos, lingüísticamente conservadores, etc.).
- Respecto da mocidade, dese estereotipo negativo derívase que son a vangarda do abandono do galego e de que a lingua perda calidade e autenticidade, e en consecuencia nada bo podemos esperar deles (só cabe o milagre!).

Remate

- Gracias!!!!

